

REGULAMENTO DOS CONSELLOS PARROQUIAIS MUNICIPAIS

Artigo 1.— Coa denominación de consellos parroquiais constitúense uns órganos permanentes consultivos adscritos ao Concello que teñen como fin o asesoramento, o coñecemento, a proposición e a colaboración en todas aquelas materias, sexan actividades ou servizos que, instadas pola Administración municipal ou outros entes ou organismos de carácter local, incidan no seu ámbito territorial facilitando con isto a participación veciñal.

En ningún caso o funcionamento do Consello suporá limitación algunha en todas as accións reivindicativas ou achegas de calquera dos colectivos.

Artigo 2.— Crearase un consello en cada parroquia do termo municipal de Redondela, recibindo a denominación daquelas e sendo o seu ámbito territorial o correspondente ao histórico de cada unha delas.

Artigo 3.— De conformidade co sinalado no Artigo 1, os consellos teñen como funcións específicas o asesoramento, orientación, instancia, petición, proposición, participación e consulta da xestión e iniciativa do Concello de Redondela, así como o xeral de colaborar con este.

Para estes efectos recibirán preceptivamente informe das comisións de seguimento das concesións administrativas de subministracións de bens e servizos e dos investimentos que realicen no seu ámbito territorial.

Recibirán preceptivamente informe daquelas outras cuestións que afecten ao ámbito territorial da parroquia, xa sexa de accións ou actuacións promovidas polo propio Concello, xa sexan promovidas por outras administracións e das que teña coñecemento o propio concello.

Os investimentos e actuacións a realizar polo Concello de Redondela na parroquia serán expostas no propio Consello parroquial previamente á súa realización ou aprobación de execución, coa posibilidade de que sufran emendas que as enriquezan.

Artigo 4.— Os consellos municipais parroquiais serán consultados con carácter preceptivo ou facultativo, polo xeral, e vinculante no tocante aos orzamentos participativos.

A consulta será preceptiva no referente a:

- a) Programación dos investimentos a realizar no seu ámbito territorial.
- b) Convenios de cesión ou usufruto de bens e instalacións de titularidade municipal.

Os representantes do movemento asociativo da parroquia organizarán asembleas

veciñais participativas, para a recollida de propostas de cara á selección de proxectos obxecto dos orzamentos participativos da parroquia e dar conta das actuacións realizadas así como dos proxectos previstos. Toda a veciñanza da parroquia será convocada publicamente a estas asembleas.

As propostas aprobadas no consello terán carácter preferente á hora de establecer prioridades na parroquia, en canto actuacións e investimentos, tanto no ano en curso, como á hora de programar os seguintes orzamentos xerais do concello.

Artigo 5.— Son órganos dos consellos municipais parroquiais:

- a) O/A Presidente/a.
- b) O Pleno.

Artigo 6.—

- a) A presidencia do consello será unha persoa membro da Corporación Municipal que nomee Alcaldía.
- b) O Pleno do Consello elixirá unha persoa para a Vicepresidencia de entre os compoñentes que terá como función colaborar e substituír a presidencia nas súas ausencias. Este será un membro do movemento asociativo e non dun grupo político.

Artigo 7.— Son atribucións da Presidencia:

- a) Representar o consello.
- b) Convocar as sesións do Pleno, presidilas e moderar os debates.
- c) Elaborar a orde do día das sesións do Pleno do Consello, introducindo na mesma as cuestións propostas cando menos pola terceira parte dos membros. En todas as sesións ordinarias incluírase un punto de varios.

De xeito xeral, a orde do día das sesións ordinarias constarán dos seguintes apartados:

- Programa de actuacións previstas na parroquia
 - Informe de actuacións realizadas na parroquia
 - Dar conta da execución dos acordos adoptados nas sesións precedentes
 - Novas propostas
 - Varios
- d) Executar os acordos adoptados. Estes acordos poderán ser levados, en forma de moción, ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.

- e) Informar a cada responsable das concellerías correspondente das propostas aprobadas no consello parroquial, así como das propostas e rogos presentadas no apartado de varios.

Artigo 8.— Integran o Pleno do Consello parroquial:

- a) A presidencia. Con voz pero sen voto.
- b) Unha persoa representante de cada grupo político con representación na corporación municipal, non precisando ter a condición de concelleiro ou concelleira. Con voz pero sen voto.
- c) A persoa representante das entidades actuantes na parroquia, segundo estableza o acordo plenario de creación do consello parroquial, en número non inferior ao do apartado b), nin superior ao triplo.

Con carácter previo ao acordo do Pleno do concello, cada consello parroquial establecerá o modelo de representatividade propio. Tanto respecto dos sectores que estarán representados como da prevalencia de cada un.

Todos os membros que integran o Pleno do consello parroquial poderán designar un suplente. Este quedará designado polo mesmo procedemento co representante titular, tal e como se establece no artigo 9.

As persoas que representen sectores do movemento asociativo da parroquia promoverán a organización de reunións previas sectoriais ou colectivas das entidades da parroquia nas que se tratará a súa posición con respecto aos puntos da orde do día do vindeiro consello parroquial.

Artigo 9.— As persoas representantes no Pleno das entidades actuantes nas parroquias, serán designadas polas asociacións do seu sector de actuación mediante acreditación escrita e poderán ser substituídas cando o colectivo ou sector que as designou así o considere.

- a) As entidades participantes deberán estar legalmente constituídas, activas e inscritas no rexistro de asociacións do Concello de Redondela.
- b) A designación realizarase mediante acta asinada polas asociacións do seu sector de actuación, indicando a representatividade ou cargo que ostenta cada un dos asinantes.
- c) O concello fará público o listado das entidades activas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que integran cada sector do movemento asociativo da parroquia.

Artigo 10.— As persoas que sexan membros do consello terán unha

representatividade de catro anos, agás os representantes dos grupos políticos que deberán renovarse coa constitución dunha nova corporación municipal.

Artigo 11.— O Pleno do Consello reunirase en sesión ordinaria catro veces ao ano. Poderanse convocar sesións extraordinarias cando así o decida a Presidencia ou a solicitude dun terzo das persoas que integran o Consello.

As sesións serán convocadas con, cando menos, dez días hábiles de antelación, salvo as extraordinarias.

A convocatoria irá acompañada da orde do día e máis da acta da última sesión celebrada.

Artigo 12.— O Pleno constitúese validamente coa asistencia da metade do número legal de membros do mesmo. No caso de falla de “quorum” necesario, a sesión entenderase convocada automaticamente media hora despois, sendo neste caso necesaria a presenza de cando menos un terzo do número legal de membros do Pleno.

Para a válida constitución do Pleno requírase a asistencia da Presidencia, da Secretaría ou daquelas persoas que as substitúan.

Artigo 13.— Os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes á sesión con dereito a voto. No caso de que os acordos se leven, en forma de moción, ao Pleno do Concello para a súa aprobación, serán defendidos polo membro do Consello Parroquial que este considere oportuno.

Artigo 14.— Poderán asistir á sesión, a instancias dalgún compoñente, e previa autorización do Pleno, persoas técnicas, profesionais ou funcionarias requiridas en función da complexidade ou amplitude dalgún asunto incluído na orde do día, para expoñer opinións ou aclaracións.

Poderán asistir ao Pleno do Consello os veciños e veciñas da parroquia que así o desexen. Estes non terán voz nin voto nos diferentes puntos da orde do día do Pleno.

Aqueles veciños ou veciñas que o soliciten con antelación terán voz no apartado de Varios.

Os veciños ou veciñas da parroquia poderán entregar propostas para o debate e/ou votación previamente á convocatoria da orde do día aos representantes do movemento asociativo, para que estes llas trasladen á Presidencia de cara a incluílas na orde do día, ou proporionalas directamente á Presidencia do consello con anterioridade á convocatoria.

Artigo 15.— Realizará as funcións de Secretaría unha persoa representante do movemento asociativo do Consello designado por unanimidade previamente no consello parroquial. De non existir consenso, as funcións da Secretaría será realizado por persoal funcionario do Concello de Redondela designado por Alcaldía.

Artigo 16.— Son funcións da Secretaría:

- a) Elaborar as actas, nas que se recollerán as propostas e os acordos feitos no Consello Parroquial.
- b) Entregar a acta asinada por todos os presentes no Consello ao presidente para que este a faga chegar á persoa funcionaria do Concello de Redondela encargada de custodialas e da súa posta a disposición pública na páxina web do concello.
- c) Poñer a disposición pública no taboleiro de anuncios e información do local de celebración habitual do Consello Parroquial.
- d) Cantas outras lle sexan atribuídas polo Pleno do Consello.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

As parroquias do Concello de Redondela son as seguintes:

— Cabeiro, Cedeira, Cesantes, Chapela, Santo Estevo de Negros, O Viso, Quintela, Reboreda, Redondela, Saxamonde, Trasmañó, Ventosela e Vilar de Infesta.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

Este regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOPP.
Redondela, _de_____do_____.
O/a Alcalde/sa,